

MESA SECTORIAL DO DÍA 12 DE MARZO DE 2019

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 22 DE XANEIRO.

Apróbese a acta da sesión celebrada o día 22 de marzo tras as alegacións feitas polas Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROPOSTA MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO ACORDO DO 20/06/1995, EN RELACIÓN COA ESPECIALIDADE DE INGLÉS NO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS.

ANPE considera que debería facerse unha modificación xenérica para solucionar todos os posibles casos que se poidan producir no futuro en lugar de ir solucionando parcialmente as especialidades que se van desdobrando en función da oferta de emprego. **A Administración estudará esta proposta.**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE, POLA QUE SE MODIFICA PARCIALMENTE A ORDE DO 23 DE FEBREIRO DE 2018, POLA QUE SE REGULA A ADSCRICIÓN DE FORMA TEMPORAL, EN COMISIÓN DE SERVIZOS E POR PETICIÓN DA PERSOA INTERESADA, DO PERSOAL FUNCIONARIO DOS CORPOS DOCENTES E DO PERSOAL LABORAL DOCENTE QUE IMPARTE DOCENCIA EN CENTROS DEPENDENTES DESTA CONSELLERÍA, EN ATENCIÓN A SITUACIÓNS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL.

ANPE considera que hai colectivos que quedan fóra ao incluír na excepción dos 60 km unicamente os centros de primaria con xornada continúa. Consideramos que debería buscarse unha redacción máis ampla para recoller máis casuísticas. Para iso debería facerse un debate e un estudo en condicións para recoller as casuísticas de Ensinanzas de Réxime Especial, Ciclos Formativos, etc. **A Administración non se amosa partidaria a ampliar ningún tipo de casuística máis aló da recollida no proxecto de Orde.**

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DA PUBLICIDADE ÁS TITULACIÓNS QUE PERMITEN A INCORPORACIÓN ÁS LISTAS DE ASPIRANTES A DESEMPEÑAR POSTOS DOCENTES EN RÉXIME DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS DOS CORPOS DE MESTRES, PES, PTFP E EOIS....

Todas as Organizacións Sindicais acordamos o envío á Administración das achegas e alegacións que o profesorado nos fixo chegar sobre as titulacións das diferentes especialidades.

En relación ao texto: no artigo 2.2 desde ANPE entendemos que cando se produzan actualizacións se publique un texto refundido que se publique vía DOG. Disposición adicional terceira, punto 2: ANPE considera importante, na liña que vimos defendendo desde hai moito tempo, que se recolla este apartado.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DA ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Desde ANPE repetir, unha vez máis, que este non é o sistema de selección polo que avoga a nosa Organización Sindical. ANPE Galicia considera que a dirección dos centros educativos debería emanar directamente dos Claustros. Estas Ordes retíranlle ao Claustro toda a potestade e deixa a cuestión en mans da Administración Educativa (véxase o artigo 5).

Por outro lado, ANPE Galicia considera que debería ter prioridade as candidaturas á Dirección de profesores/as do propio centro fronte a candidaturas alleas.

ANPE considera que o prazo de participación debería estar aberto ata a finalización do Concurso de Traslados para poder incorporar as vacantes producidas deste proceso.

Non estamos de acordo co requisito dos 5 anos que recolle o artigo 2b) tendo en conta que, no caso de nomeamento de direccións a dedo non se solicita tal requisito. Sen establecer o requisito dos 5 anos entendemos que se facilita a presentación de candidaturas do propio centro que é o que consideramos fundamental.

ANPE demanda garantías de que os proxectos de dirección presentados sexan accesibles e poidan ser coñecidos por toda a comunidade educativa.

No artigo 2.1d) ANPE solicita unha revisión da seguridade xurídica do recollido no último parágrafo deste artigo xa que segundo o Ministerio soamente teñen validez os cursos realizados polo propio Ministerio, polas Administracións Educativas e polo INTEF. **A Administración resposta que o Real Decreto 894/2014 permite a realización do curso por parte de persoas físicas e xurídicas e terán validez sempre e cando este autorizado polo Ministerio ou Administracións Educativas e os organizadores soliciten o seu recoñecemento a efectos de función directiva.**

No artigo 4º pedimos a ampliación do prazo de presentación de solicitudes a 20 días.

En relación ao artigo 5º da comisión de selección dicir que a súa composición deixa claro que, desde o noso punto de vista, se ningunea ao Claustro en particular e a toda a Comunidade Escolar en xeral, xa que o que menos hai son precisamente docentes. Hai unha clara infrarepresentación do profesorado.

ANPE rexeita as entrevistas. Tamén solicitamos que se publiquen os criterios de avaliación dos proxectos de dirección por parte da Comisión. As votacións deben ser por escrito e secretas.

En relación ás direccións que se nomean de forma obrigatoria, ANPE considera que debe facerse por un curso académico en lugar de por dous, como se recolle no artigo 11, xa que poderían aparecer novas candidaturas do propio centro no seguinte curso escolar. ANPE considera, así mesmo, que o Claustro debe facer proposta de director/a e non ser simplemente escoitado. Por outra banda, desde ANPE Galicia non entendemos que a Administración Educativa nomee directores opoñéndose en moitos casos ás consideracións do Claustro coas implicacións negativas que isto conleva.

Solicitamos a revisión da listaxe de vacantes xa que detectamos que faltan centros no mesmo e tamén detectamos que aparecen centros nas que a cuestión da dirección está inmersa en contencioso-administrativo ou en procesos xudiciais.

En relación ao baremo, ANPE demanda a retirada do punto 2.3 e, en xeral, consideramos que se debe valorar a antigüidade e non tanto a meritocracia.

ANPE demanda de novo que no caso de coberturas prolongadas de baixas de directores/as se lle dea recoñecemento administrativo e económico aos substitutos/as.

ANPE demanda novamente que se teña en conta o recoñecemento no apartado 4.1 do Concurso de Traslados para o persoal responsable de centros de educación infantil e primaria de menos de 3 unidades que asumen todas as funcións dos órganos de goberno unipersoais sen os dereitos inherentes ao cargo. Consideramos que estes centros non deberían ter un responsable do centro se non un director/a nomeados con tal cargo.

A Administración resposta que a maioría das peticións feitas desde as Organizacións Sindicais non se poden atender por ir en contra do que establece a normativa básica.

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS:

- ANPE Galicia solicita a aplicación en Galicia da Lei 4/2019 e a restitución das 18 horas en secundaria e 23 en primaria. Aproveitamos tamén para solicitar de novo a restitución do cobro dos meses de verán para os interinos e substitutos que traballen máis de 5,5 meses e medio.
- ANPE Galicia solicita información de se a resolución do Concurso de Orientación se vai a producir antes da resolución definitiva do Concurso de Traslados de cara á incorporacións das posibles resultas.
- Desde ANPE Galicia manifestar a nosa queixa polo desenvolvemento do curso de Igualdade en relación ás datas do mesmo e a actitude dalgún dos titores/as do mesmo.
- Solicitamos unha aclaración por parte da Administración de que as licenzas e permisos son por curso académico e non pola parte proporcional que corresponda en función da duración do contrato de traballo como se manifesta por parte dalgúns inspectores/as.
- Solicitamos a revisión da aplicación informática das oposicións xa que nos indican que faltan titulacións.
- Solicitamos a creación dunha conta de correo ficticia para as Organizacións Sindicais de cara a poder participar nos diferentes procesos abertos pola administración e poder ter acceso ás diferentes aplicacións para poder informar debidamente aos traballadores e traballadoras.
- Demandamos novamente a creación da figura da Enfermería Escolar dentro da campaña posta en marcha por parte da nosa Organización Sindical e que xa foi trasladada aos grupos parlamentarios e entregadas as sinaturas para a proposición non de lei. Creemos que é o momento de que a Administración acepte a nosa petición tendo en conta que cada vez son máis as Comunidades Autónomas que a instauran.

O resto de puntos da orde do día quedan para tratar na Mesa Sectorial do día 21 de marzo. Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 14:10 horas.